

A Fegamp participa este venres nunha reunión convocada pola FEMP para coordinar a acción das entidades locais co Goberno do Estado na desescalada do confinamento e a reconstrución socioeconómica

As entidades locais participarán na planificación do proceso de desescalada e reconstrución socioeconómica post coronavirus. Así conveuse na reunión telemática entre a Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o presidente do Goberno do Estado, Pedro Sánchez, celebrada onte 20 de abril. Na devandita reunión estiveron tamén presentes as Ministras de Facenda, María Jesús Montero, e Política Territorial e Función Pública, Carolina Darias.(*)

Con tal obxecto, cada quince días manteranse reunións similares. Ademais, esta mesma semana, a entidade que representa o municipalismo a nivel nacional manterá xuntanzas cos responsables dos ministerios de Sanidade e de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

Para articular esta coordinación da administración central coas entidades locais, ademais das reunións co Goberno do Estado, a FEMP manterá xuntanzas coas federacións municipais autonómicas. Este venres, o presidente da Fegamp, Alberto Varela, participará no primeiro destes encontros.

*Podes consultar máis información sobre a reunión en <http://www.femp.es/comunicacion/noticias/los-gobiernos-locales-jugaran-un-papel-central-en-la-desescalada-y-la>



Gabinete de comunicación

teléfono +34 981 555 999
fax +34 981 565 203

e-mail correo@fegamp.gal
web www.fegamp.gal

*Rúa Varsovia 4C-6º (Área Central)
15707 Santiago de Compostela*